EXPEDIENTE 2026/G010/000005. PLENO SESIÓN ORDINARIA 9 DE ABRIL DE 2026.

ACTA Nº 2026/5

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello de Touro
Data: xoves 9 de abril de 2026
Hora de comezo: 21.00 horas
Hora de remate: 21.31 horas

PRESIDE:

JESÚS JOSÉ REBOREDO GONZÁLEZ (alcalde-presidente)

ASISTEN:

Concelleiros

Partido Popular (PP)
REBECA MARÍA CODESIDO BARREIRO
ALFREDO SOUTO CASTELO
ISOLINA SUÁREZ MILLÁN
MARÍA DEL CARMEN CARREIRA TOJO

Movemento Veciñal de Touro (pMVdeT)
ROBERTO CASTRO ROCAMONDE
JOSÉ LUÍS RAMOS BARREIRO
EMMA BLANCO LOIS

Partido Galego (PG)
JESUS MARTINEZ PEREIRA

Bloque Nacionalista Galego (BNG)
XOÁN ANTÓN LOUZAO RODRÍGUEZ

Concelleiro non adscrito
DARÍO REY SUAREZ

Outras asistencias:

JOSÉ LÓPEZ GONZÁLEZ, Secretario-Interventor.

Constitúese o Pleno da Excelentísima Corporación en sesión ordinaria conforme á convocatoria e segundo a orde do día que se remitiu aos concelleiros coa antelación legalmente requirida.

A continuación procédese a tratar os asuntos establecidos na orde do día.

I PARTE RESOLUTORIA

1 EXPEDIENTE 2026/G010/000001. Pleno do Concello. Sesión ordinaria do 15 de xaneiro de 2026. Aprobación da acta da sesión.

2 EXPEDIENTE 2026/G010/000002. Pleno do Concello. Sesión extraordinaria do 5 de febreiro de 2026. Aprobación da acta da sesión.

3 EXPEDIENTE 2026/G010/000003. Pleno do Concello. Sesión ordinaria do 24 de febreiro de 2026. Aprobación da acta da sesión.

4 EXPEDIENTE 2026/G010/000004. Pleno do Concello. Sesión ordinaria do 16 de marzo de 2026. Aprobación da acta da sesión.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 1mGxMszGM80lLok9YZA2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

II PARTE DE CONTROL

5 EXPEDIENTE 2025/I002/000008. Reposición legalidade urbanística de elementos colocados no dominio público no Lg. Merés, Turces. Ref. Catastral: 15086E503004740001UP. Dación de conta Sentenza 00028/2026 de data 18 de febreiro de 2026 correspondente ao procedemento abreviado 0000286/2025.

6 EXPEDIENTE 2026/G006/00071. Decretos da Alcaldía ditados entre o 11 eo 31 de marzo de 2026. Toma de razón.

7 Mocións.

8 Rogos e preguntas.

I PARTE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS

1 EXPEDIENTE 2026/G010/000001. PLENO DO CONCELLO. SESIÓN ORDINARIA DO 15 DE XANEIRO DE 2026. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN.

ANTECEDENTES

15.01.2026. Sesión do Pleno do Concello.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local (artigo 50).

Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (artigos 109 e 110).

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno do Concello que tivo lugar o 15 de xaneiro de 2026.

SEGUNDO. Incorporar a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da Corporación de maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

INTERVENCIÓNS

Non se producen**.**

VOTACIÓN

A continuación procedeuse á votación de aprobación da acta, que resultou aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

2 EXPEDIENTE 2026/G010/000002. PLENO DO CONCELLO. SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 5 DE FEBREIRO DE 2026. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN.

ANTECEDENTES

05.02.2026. Sesión do Pleno do Concello.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local (artigo 50).

Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (artigos 109 e 110).

PROPOSTA DE ACORDO

CVD: 1mGxMszGM80lLok9YZA2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

PRIMEIRO. Aprobar a acta da sesión extraordinaria do Pleno do Concello que tivo lugar o 5 de febreiro de 2026.

SEGUNDO. Incorporar a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da Corporación de maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

INTERVENCIÓNS

Non se producen**.**

VOTACIÓN

A continuación procedeuse á votación de aprobación da acta, que resultou aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

3 EXPEDIENTE 2026/G010/000003. PLENO DO CONCELLO. SESIÓN ORDINARIA DO 24 DE FEBREIRO DE 2026. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN.

ANTECEDENTES

21.02.2026 Sesión do Pleno do Concello.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local (artigo 50).

Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (artigos 109 e 110).

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno do Concello que tivo lugar o 24 de febreiro de 2026.

SEGUNDO. Incorporar a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da Corporación de maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

INTERVENCIÓNS

Non se producen**.**

VOTACIÓN

A continuación procedeuse á votación de aprobación da acta, que resultou aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

4 EXPEDIENTE 2026/G010/000004. PLENO DO CONCELLO. SESIÓN ORDINARIA DO 16 DE MARZO DE 2026. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN.

ANTECEDENTES

16.03.2026. Sesión do Pleno do Concello.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 1mGxMszGM80lLok9YZA2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local (artigo 50).

Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (artigos 109 e 110).

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno do Concello que tivo lugar o 16 de marzo de 2026.

SEGUNDO. Incorporar a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da Corporación de maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

INTERVENCIÓNS

Non se producen**.**

VOTACIÓN

A continuación procedeuse á votación de aprobación da acta, que resultou aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

II PARTE DE CONTROL

5 EXPEDIENTE 2025/I002/000008. REPOSICIÓN LEGALIDADE URBANÍSTICA DE ELEMENTOS COLOCADOS NO DOMINIO PÚBLICO NO LG. MERÉS, TURCES. REF. CATASTRAL: 15086E503004740001UP. DACIÓN DE CONTA SENTENZA 00028/2026 DE DATA 18 DE FEBREIRO DE 2026 CORRESPONDENTE AO PROCEDEMENTO ABREVIADO 0000286/2025.

Por parte da secretaría intervención dase conta da Sentenza 00028/2026 de data 18 de febreiro de 2026 da praza nº 1 da Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia A Coruña correspondente ao procedemento abreviado 0000286/2025, interposto fronte á Resolución da Alcaldía de Touro número 350/2025, pola que se acorda desestimar o recurso de reposición presentado contra a resolución da Alcaldía nº 281/2025, de data 11 de xullo, pola que se ordena a retirada de elementos colocados no dominio público no lugar de Merés, Turces; nos que foron parte, como demandante D. Pablo Martínez López, que no seu fallo establece de xeito textual o seguinte:

Que inadmito la demanda presentada por el procurador D. Fernando González- Concheiro Álvarez, en nombre y representación de D. Pablo Martínez López, frente a la resolución de la Alcaldía del Concello de Touro número 350/2025, por la que se acuerda desestimar el recurso de reposición presentado contra la resolución de la Alcaldía nº 281/2025.

Todo ello, con imposición de costas al demandante hasta un límite máximo de 400 euros en cuanto a los honorarios del letrado de la Administración demandada.

6 EXPEDIENTE 2026/G006/00071. DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS ENTRE O 11 EO 31 DE MARZO DE 2026. TOMA DE RAZÓN.

ANTECEDENTES

Decretos da Alcaldía ditados entre o 11 e o 31 de marzo de 2026.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

PROPOSTA DE ACORDO

CVD: 1mGxMszGM80lLok9YZA2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

PRIMEIRO. O Pleno do concello toma coñecemento sucinto dos Decretos da Alcaldía ditados entre o 11 e o 31 de marzo de 2026.

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2026/G003/000096	EXPEDIENTE 2026/G010/000004. Pleno sesión ordinaria 16 de marzo de 2026. Convocatoria.	88/2026	11-03-2026
2026/G003/000097	EXPEDIENTE 2026/A008/000023. Axudas para estudos e investimentos vinculados á conservación, á recuperación e á rehabilitación do patrimonio natural e cultural e á sensibilización ecolóxica na Rede Natura 2000, nos parques naturais e nas reservas da biosfera de Galicia, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 en Galicia, en réxime de concorrencia competitiva (código de procedemento MT814B). Solicitude de subvención.	89/2026	11-03-2026
2026/G003/000099	EXPEDIENTE 2026/A08/000025. Subvencións a concellos de ata 10.000 habitantes para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas, e se anuncia a súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento TU503D). Solicitude.	90/2026	12-03-2026
2026/G003/000098	EXPEDIENTE 2026/G003/000098. Anulación recibos taxa lixo anualidades 2021 ao 2025 por erro na titularidade do inmoble situado no local situado na rúa Curros Enríquez, nº 12	91/2026	12-03-2026
2026/G003/000101	EXPEDIENTE 2026/S002/000015. Modificación de Servizo Axuda no Fogar	92/2026	13-03-2026
2026/G003/000100	EXPEDIENTE 2026/S002/000014. Baixa Servizo Axuda no Fogar	93/2026	13-03-2026
2026/G003/000103	EXPEDIENTE 2026/E001/000001. Proceso de selección para a contratación de persoal ao abeiro do programa de subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia da Coruña no ano 2026 (PEL-CONCELLOS/2026). Lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, nomeamento tribunal e fixación data oposición.	94/2026	17-03-2026
2026/G003/000102	EXPEDIENTE 2026/A008/000002. Bases reguladoras da programación da Rede Cultural da Deputación da Coruña para 2026. Solicitude de proposta de programación.	95/2026	17-03-2026
2026/G003/000104	EXPEDIENTE: 2026/G003/000104. Pago taxas por autorizacións de obras ou traballos no dominio público hidráulico ou zona de policía de leitos, procedemento AU113A, do proxecto "Creación e homologación de ruta de sendeirismo (PR-G HOMOLOGADA FEDME)".	96/2026	17-03-2026
2026/G003/000105	EXPEDIENTE 2025/I002/000008. Reposición legalidade urbanística de elementos colocados no dominio público no Lg. Merés, Turces. Ref. Catastral: 15086E503004740001UP.	97/2026	18-03-2026
2026/G003/000106	EXPEDIENTE 2026/S002/000016. Baixa de Servizo Axuda no Fogar	98/2026	20-03-2026
2026/G003/000108	EXPEDIENTE 2026/E001/000002. Proceso de selección dun funcionario/a interino/a por programas dun Técnico/a de Igualdade de Xénero. Lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, nomeamento de tribunal e data do proceso de selección.	99/2026	23-03-2026
2026/G003/000107	EXPEDIENTE 2026/S002/000017. Solicitude reducción horas de servizo de axuda no fogar.	100/2026	23-03-2026
2026/G003/0000113	EXPEDIENTE 2026/E001/000001. Proceso de selección para a contratación de persoal ao abeiro do programa de subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia da Coruña no ano 2026 (PEL-CONCELLOS/2026).	101/2026	24-03-2026

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 1mGxMszGM80lLok9YZA2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

	Asistencias membros dos tribunais.		
2026/G003/000112	EXPEDIENTE 2026/G003/000112 Juan Ramón López Tojo. Recoñecemento de produtividade (mes de marzo 2026)	102/2026	24-03-2026
2026/G003/000111	EXPEDIENTE 2026/G003/000111 Cristina Andújar Garrido. Recoñecemento de produtividade (mes de marzo 2026)	103/2026	24-03-2026
2026/G003/000110	EXPEDIENTE 2026/G003/000110. Horas extraordinarias para incluír na nómina do mes de marzo 2026	104/2026	24-03-2026
2026/G003/000109	EXPEDIENTE 2026/G003/000109. Decreto quilometraxe e dietas para incluír na nómina do mes de marzo de 2026	105/2026	24-03-2026
2026/G003/000114	EXPEDIENTE 2026/G007/000006. Xunta de Goberno Local. Sesión ordinaria do 26 de marzo de 2026. Convocatoria.	106/2026	25-02-2026
2026/G003/000115	EXPEDIENTE 2026/G003/000115. Devolución de copago de servizo de axuda no fogar	107/2026	26-02-2026
2026/G003/000116	EXPEDIENTE 2026/A008/000026. Cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal [Plan concertado] durante o exercicio económico de 2026.Solicitude de transferencia finalista para o seu cofinanciamento.	108/2026	26-02-2026
2026/G003/000117	EXPEDIENTE 2026/E001/000001. Proceso de selección para a contratación de persoal ao abeiro do programa de subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia da Coruña no ano 2026 (PEL-CONCELLOS/2026). Formalización de contratos e constitución bolsas de traballo.	109/2026	27-02-2026
2026/G003/000118	EXPEDIENTE 2026/E001/000003. Proceso de selección dunha persoa tractorista ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2026. Aprobación convocatoria e Bases proceso de selección.	110/2026	27-02-2026
2026/G003/0000119	EXPEDIENTE 2026/X999/000022. Aprobación nóminas marzo 2026.	111/2026	27-02-2026

O voceiro do Grupo Municipal do BNG pregunta por un Decreto de solicitude de subvención para eliminación de especies exóticas invasoras onde exactamente se vai a levar a cabo.

Resposta o Concelleiro delegado de Medio Ambiente, sr. Darío Rey dicindo que en Foxás, no límite da ribeira do río en varias zonas para quitar unhas acacias.

O Pleno dase por enterado.

7 MOCIÓNS.

Por unanimidade dos once concelleiros que conforman a Corporación incluíron na orde do día por urxencia a seguinte Moción:

MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL BNG PARA SOLICITAR A CONEXIÓN Á REDE DE AUGA MUNICIPAL PARA O LOCAL SOCIAL DE CALVOS

O voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Xoan Louzao, procedeu a exposición, explicación e defensa da seguinte Moción:

O local social de Calvos constitúe o único espazo da parroquia que cumpre con un mínimo de condicións que permite que se desenvolvan actividades sociais, culturais e veciñais dos veciños e veciñas da parroquia.

Na actualidade, este equipamento carece de suministro de auga e de conexión á rede municipal de abastecemento de auga potable, o que limita significativamente o seu uso, dificulta o desenvolvemento de actividades en condicións adecuadas e supón unha carencia básica en termos de salubridade e servizos mínimos.

O acceso á auga potable é un servizo esencial que debe estar garantido en todas as infraestruturas públicas destinadas ao uso da cidadanía. A dotación deste servizo permitiría mellorar as condicións do centro social e ampliar as súas posibilidades de uso e de realización de actividades comunitarias.

Por todo o exposto o Grupo Municipal do BNG somete a debate e aprobación polo pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes

ACORDOS

CVD: 1mGxMszGM80lLok9YZA2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

1. Instar ao goberno municipal a realizar as actuacións necesarias para dotar de conexión á rede municipal de abastecemento de auga potable ao local social da parroquia de Calvos.

2. Analizar a posibilidade de conectar esta traída tamén ao aseo e a billa que hai no cemiterio da parroquia e que xa conta coa preinstalación necesaria.

Tras a quenda de intervencións procedeuse á votación da Moción

VOTACIÓNS

A Moción resultou aprobada pola unanimidade dos once concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, o concelleiro do PG, o concelleiro do BNG e o concelleiro non adscrito).

8 ROGOS E PREGUNTAS.

O voceiro de Movemento Veciñal, Sr. Roberto Castro pregunta:

1. Unha pregunta respecto do proxecto da mina, unha das moitas cuestións que preocupan á veciñanza, en concreto en Loxo son os abastecmentos privativos de augas na área de proxecto, cuestión xa recollido no decreto de alcaldía de alegacións presentado no seu día, na cal se rexeita a proposta da empresa de dar abastecemento de auga á veciñanza a través da rede pública municipal e se instaba áempresa a que buscar as alternativas de que ser o caso repoñan ese abastecemento do que privan aos veciños, agora chega a oido dos veciños que a proposta da empresa mineira a esa situación e abastecelos que sae da auga de tratamamento das augas residuais das balsas, a preguynta é se ten coñecemento desa proposdta por parte da empresa promotora e no seu caso cal é o posicionamento do alcalde e do goberno respecto desta situación.

O Sr. alcalde di esa proposta carece de todo sentido, a nadie se lle ocurre que van dar auga para abastcemento domiciliario procedente da planta de tratamento que teñen. Non sei de onde saiu ese cometario, pero non ten fundamento. Tiven unha reunión con representantes de Loxo, da Goleta a petición deles e a min non me plantexaron esa opción, non sei se nese momento tiñan ou non coñecemento do que vostede comenta, si solicitaron do goberno municipal apoio para se ese proxecto da empresa segue a tramitación normal, antes de nada se garantise un abastecemento similar ao que teñen, de zonas e terreos que non estean afectados no novo proxecto da mina, queren que s elle conserve esa mesma auga nas mesmas condicións de salubridade e a que a empresa asuma os custes tanto no que se refire a acadar as novas captacións e a tramitación correspondente da concesión ante Augas de Galciia, a constitución da comunidade de usuarios.

Por outra parte o Goberno municipal está estudando outras alternativas dando a palabra ao Concelleiro non adscrito Darío Rey para que as expoña porque temos un par de propostas en relación con este tema do abastecemento.

O Concelleiro Darío Rey di que vai entrar no práctico, non no dixeron, escoitaron. A resposta non, non hai coñecemento. Este goberno leva meses e xa se lle trasladou aos veciños e teñen coñecemento de que no seu momento a empresa mineira recolleu diferentes captacións afectadas, non citou todas, algunhas delas particulares, o Concello fico unhas alegacións onde recolle parcialmente algunhas das que non recolle Cobres San Rafael, pero é un informe totalmente incompleto e vaise ir máis alá, vaise a convocar a todos os veciños da zona para mapear e facer ese informe total de todas as captacións e mantiais que estarían afectados, encargando un informe pericial para poñer enriba da mesa que o que dixo no seu día Cobres San Rafael, non é certo, é inexacto; e se o caso recorrer o trámite en cuestión porque falta á verdade.

Como sempre na pregunta intenta enmarañar, inventábase que o goberno municipal quería abastecer de auga a Loxo, a vontade política é a que lle digo, asegurar esas captacións, polo tanto o Concello non lle vai facer ningunha tarefa nin poñer recursos económicos, vai defender que a xente de Loxo siga como ata agora utilizando as augas que utilizaba e en boas condicións.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 1mGxMszGM80lLok9YZA2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

2. Novamente respecto do camión do lixo, terá constancia que o camión leva reparado tres, catro semanas e sen embrago en vez de facer uso do camión propio do Concello, estase facendo uso mediante un sobrecusto do servizo dun camión alugado cun conductor externo. Gustaríame saber se ten unha explicación para esta maneira de xestionar a recollida do lixo que como digo repercute mediante un sobrecusto.

O Sr. alcalde di que non é certo que leve tres ou catro semanas reparado, si estes días festivos de semana Santa, mañá empeza a funcionar o camión do Concello, foi unha circustancia extraordinaria dun cúmulo de avarías, compaxianndo servizos por iso se aguantou ata onte o contrato de aluguer dese camión.

3. Hai tres meses máis menos que se executaron dúas acometidas da rede de abastecemento de auga municipal en Bama, que necesitaron do cruzamento de vías públicas asfaltadas, unha delas na Xesteira, esa apertura da vía foi rematada polo propio usuario abonado e outra na estrada que vai de Xesteira a Silva que é unha trincheira aberta sen rematar, non sei se tiña constancia disto.

O Sr. alcalde di que tiñamos constancia, de feito reparouse hoxe pola mañá. A apertura da zanxa fíxoa a concesionaria, sería a que estaría obrigada a repoñer, pero dada a tardanza e as molestias para os veciños decidimos facer nos un pequeno bacheo.

O Sr. Castro Rocamonde pregunta se o fixo persoal do Concello.

O Sr. alcalde di que si e xa arranxarán coa concesionaria ese tema, pero non había alternativa ou deixala estar ou solucioalo nos provisionalmente.

O Sr. Castro Rocamonde di se entende ben, que lle van repercutir o custo á concesionaria.

O Sr. alcalde di que si ou compensarannos doutra maneira.

4. Pareceume ver que renovaron absolutamente todos os contratos que quedaron do goberno anterior, algúns de servizos que nunca estiveran contratados ata que o Partido Galego e Movemento Veciñal chegamos ao goberno, por exemplo contrato de subministro de combustible para vehículos, para calefacción, de subministro eléctrico; o asesoramento urbanítico, o de actividades do Centro Social, atención de Biblioteca, actividades deportivas, socorrismo e mantemento da piscina, de mantemento de alumeado público, confección de nóminas, mantemento informático e o de comunicación, é así?

O Sr. alcalde di que si, pero nesa mezcolanza que acaba de facer, sabe que hai contratos que tiñan previsto unhas prórrogas, e fai unha pregunta de se vostede está de acordo ou non con esas prórrogas, ten vostede algún problema con esa renovación de tipo legal, de eficacia, plantéalle algún tipo de problema.

O voceiro de Movemento Veciñal, Sr. Roberto Castro di que non é o normal qeu o goberno lle faga preguntas á oposición pero gústame e alégrame que prorrogasen estes contratos porque veñen a recoñecer que se fixo unha boa labor de regularización e situar a administración local dentro da Lei a pesar que de moitos deles se encheron a criticar, e incluso bufar (permítame a expresión) con indicios de non legalidade, polo tanto alégrame que se retractaran de todo o que dixeran e ratificaran o que nos lle deixamos en herencia.

O Sr. alcalde di que se ratificamos eses contratos e porque estabamos de acordo coas prestacións feitas polos adxudicatarios e entodo caso o mérito de facelo ben é dos adxudicatarios, non de vostedes. Había cousas que estaban externalizadss e outras que non; un dos motivos destas renovacións é da situación que deixaron vostedes, tamén en herencia que non todo foi bo, un organigrama de persoal con vacantes, por iso tiveron que externalizar contratos e uns dos motivos destas renovacións é porque careciamos de infraestrutura administrativa e capacidade para sacar todos eses procedementos, sabe que temos vacante unha praza de administrativo, unha de auxiliar a praza de ADL, persoal de baixa dende hai máis dun ano, por iso non abrtimos uns novos procedementos de contratación e porque estamos de acordo coas prestacións que se están facendo.

O Concelleiro non adscrito Darío Rey di que o nunca visto, o portavoz dun suposto partido de esquerdas, ben aquí a atribuirse logros de que mantivo todo absolutamente privatizado, non ten a mínima vergoña, é polivalente para ser de dereitas, de esquerdas. Se este novo goberno o renovou todo é porque vostede o fixo moi ben, aquí sentado hai unha persona que estivo nese goberno e vostede non ten vergoña de atribuirse logros como as actividades deportivas, a biblioteca e un longo etc., pero vostede que fixo, se o traballo o puxo quen o puxo, vostede non engana a ningén, pero voulle comentar outra cousa de cara ao futuro, é un crack das privatizacións, falaba de redacción de

CVD: 1mGxMszGM80lLok9YZA2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

nóminas, de contable, todo privatizado, este gobenro tarballa por modificar a RPT e sacar todas as prazas para que eses servizos se fagan dende aquí directamente.

O voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Louzao di que no pleno pasado presentou unha Moción para que o Concello fixese unha especie de asesoramento sobre as subvencións de rehabilitación de vivenda, de concorrencia non competitiva, aprobouse a Moción pero o alcalde dico que ía preguntar se había crédito, porque senón sería absurdo prestar un servizo cando xa non hai posibilidade de que ninguén poidese ser benefiario. A pregunta é se se fixo esa chamada, se hai crédito…

O Sr. alcalde pide desculpas, ao día seguinte do Pleno contactou co Instituto Galego de Vivenda para ver se había opcións, dixéronme que soamente o primeiro día se habían presentado mil solicitudes, aínda que supoñendo que novecentas estiveran mal, as outras cen xa chegan para esgotar o crédito. Reitera a petición de desculpas por non comunicalo unha vez feita a xestión. Salvo unha ampliación de crédito non habería ningunha posibilidade.

*** As deliberacións correspondentes aos puntos tratados neste Pleno atópanse recollidos no arquivo da acta multimedia gravada e que consta no correspondente expediente electrónico da sesión, publicada na web municipal e dispoñible publicamente na seguinte URL, xunto coa acta en formato pdf:**

https://www.concellodetouro.com/index.php/gl/concello/plenos/videos

https://www.youtube.com/watch?v=PjJXJV4YIaM

*** As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2026/G010/000004 e identificado pola pegada dixital: 7e6d6f71ad9adb532e2896fc77a6c05edcc1c15125726cab3eb6bebb07d24b59**

Minutaxe

00.00.01 EXPEDIENTE 2026/G010/000001. Pleno do Concello. Sesión ordinaria do 15 de xaneiro de 2026. Aprobación da acta da sesión.

00.00.04 EXPEDIENTE 2026/G010/000002. Pleno do Concello. Sesión extraordinaria do 5 de febreiro de 2026. Aprobación da acta da sesión.

00.00.15 EXPEDIENTE 2026/G010/000003. Pleno do Concello. Sesión ordinaria do 24 de febreiro de 2026. Aprobación da acta da sesión.

00.00.24 EXPEDIENTE 2026/G010/000004. Pleno do Concello. Sesión ordinaria do 16 de marzo de 2026. Aprobación da acta da sesión.

00.00.35 EXPEDIENTE 2025/I002/000008. Reposición legalidade urbanística de elementos colocados no dominio público no Lg. Merés, Turces. Ref. Catastral: 15086E503004740001UP. Dación de conta Sentenza 00028/2026 de data 18 de febreiro de 2026 correspondente ao procedemento abreviado 0000286/2025.

00.05.39 EXPEDIENTE 2026/G006/00071. Decretos da Alcaldía ditados entre o 11 eo 31 de marzo de 2026. Toma de razón.

00.06.37 Moción Grupo Municipal BNG para solicitar a conexión á rede de auga municipal para o local social de Calvos.

00.11.40 Rogos e preguntas.

Non habendo máis asuntos que tratar levante a sesión por orde da Presidencia sendo as 21.31 horas do 9 de abril de 2026.

Como secretario-interventor dou fe e estendo esta acta.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 1mGxMszGM80lLok9YZA2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

Concello de Touro, na data da sinatura dixital
José López González, secretario-interventor
Jesús José Reboredo González, alcalde-presidente

CVD: 1mGxMszGM80lLok9YZA2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/